



MÁSTER EN VALORACION,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL



Facultade
de Historia

Universidade de Vigo

Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Regulamento de elaboración e defensa
do Traballo de Fin de Máster (TFM)



Contido

Obxecto do presente Regulamento	3
1. Aspectos xerais	3
2. Matrícula do Traballo de Fin de Máster	4
3. Titorización	4
4. Asignación da titorización e temática	5
5. Presentación e defensa do TFM.....	6
7. Disposicións finais	9
8. Anexos	10



Obxecto do presente Regulamento

O obxecto deste Regulamento é establecer as normas de elección de tema, asignación de directores ao alumnado, nomeamento do tribunal, tramitación, presentación, defensa e cualificación dos Traballos Fin de Máster.

1. Aspectos xerais

Art. 1. De acordo coa Planificación docente do “Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural pola Universidade de Vigo”, que se axusta ao RD 99/2011, é requisito indispensable, para a consecución do título, a elaboración e defensa do Traballo Fin de Máster (TFM), cuxa realización se establece a través do *Regulamento para a Realización do Traballo Fin de Máster* da Universidade de Vigo aprobado en Consello de Goberno de 15 de xuño de 2016.

Art. 2. O Traballo Fin de Máster ten unha carga docente de 9 créditos ECTS.

Art. 3. A tipoloxía do TFM deberá axustarse aos obxectivos xerais do Máster, e en concreto ás competencias do módulo 5.

Art. 4. O traballo de fin de Máster é un traballo persoal e orixinal tanto no título como nos contidos, que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirlle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. En ningún caso, pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación nesta ou noutra universidade, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos nas actividades doutras materias da titulación.

Art. 5. A Comisión Académica poderá autorizar, para o desenvolvemento dunha proposta de envergadura suficiente, a participación de varios/as estudantes nun mesmo TFM, cada un/a con unha parcela precisa da tarefa Global. O alumnado implicado nun mesmo traballo compartirá a persoa titora e poderá ter o mesmo Tribunal de avaliación, aínda que a defensa e avaliación serán individuais.

Art. 6. A redacción do Traballo Fin de Máster debe respectar o emprego dunha linguaxe inclusiva.

Art. 7. A Comisión Académica do Máster estimulará a procura da calidade do TFM, dándolle a publicidade oportuna para que sexa coñecida a bondade dos mesmos e a súa proxección social, favorecendo desta forma unha mellor incorporación do alumno/á o mercado laboral.



2. Matrícula do Traballo de Fin de Máster

Art. 8. Para poder matricularse no Traballo de Fin de Máster será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.

Art. 9. A matrícula do Traballo de Fin de Máster dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se cumpran os requisitos para o seu defensa (sinalados no art. 27).

Art. 10. A validez da matrícula do Traballo Fin de Máster será a mesma que a de calquera outra materia, finalizando o último día hábil do curso académico. No caso de que un/unha estudante teña depositado o traballo e conte co informe favorable do seu titor ou titora antes da data límite de entrega de actas da convocatoria de xullo pero non reúna os requisitos para poder defender o traballo por ter materias pendentes deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico. No curso inmediatamente seguinte ao de depósito (e só nese curso) o/a estudante terá dereito a unha matrícula reducida do 25% do custo da primeira matrícula.

3. Titorización

Art. 11. A titorización consistirá en supervisar e orientar ao estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao Traballo Fin de Máster; así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a presentación e defensa do mesmo.

Art. 12. Poderá ser titor/a calquera docente da Universidade de Vigo. Para a elección do titor/a, o alumno/a poderá contactar segundo os seus intereses con calquera profesor/a que, no caso de non impartir docencia no Máster deberá contar co visto e prace da Comisión Académica.

Art. 13. O Traballo de Fin de Máster poderá ser cotutorizado por persoas pertencentes a institucións ou empresas aínda que non sexan conferenciantes externos que participen no Máster, que igualmente deberán contar co visto e prace da Comisión Académica. Neste caso existirá unha persoa titora académica que compartirá coa persoa cotitora externa as tarefas de dirección e orientación do/da estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da persoa titora académica facilitar a xestión.

Art. 14. O Traballo Fin de Máster poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Neste caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa.

Art. 15 Cando se dean casos de baixa prolongada ou finalizase a súa vinculación coa Universidade de Vigo, a Facultade de Historia propondrá a substitución das persoas titoras por aquelas que resulten máis adecuadas á temática do Traballo Fin de Máster e aos intereses do alumno/a.

4. Asignación da titorización e temática

Art. 16. A Facultade de Historia establecerá os criterios, procedemento e calendario para asignar as persoas titoras a cada estudante, así como a temática de cada traballo, segundo o disposto no art. nº 6 do *Regulamento para a Realización do Traballo Fin de Máster* da Universidade de Vigo.

Art. 17. O alumno/a poderá escoller libremente a temática concreta do traballo, a condición de que se atope vinculada á liña de investigación elixida e conte coa aceptación previa do titor/a correspondente.

Art. 18. A temática do TFM poderá coincidir ou non coa temática das prácticas en empresas, dependendo dos intereses de cada alumno/a e seguindo as orientacións do seu titor/a de TFM. En calquera caso o tema elixido deberá poder desenvolverse cos recursos dispoñibles para a docencia.

Art. 19. O alumnado poderá elixir libremente o/a titor/a de o seu traballo, e unha vez feito deberá enviar á Secretaría do Máster, debidamente cumprimentada e asinada, a Solicitude de Titorización do TFM (Anexo I) antes da finalización do primeiro cuatrimestre. A Comisión Académica fará pública a relación definitiva das asignacións de Traballos de Fin de Máster a comezo do segundo cuatrimestre.

Art. 20. Dentro do prazo sinalado no calendario establecido pola Comisión Académica, o alumnado deberá cumprimentar, a través da súa Secretaría Virtual, a correspondente solicitude de defensa na que, ademais do título e un breve resumo da temática, deberá sinalar se acepta facer público o traballo. Unha vez recibida a conformidade do titor/a deberá imprimir o correspondente xustificante que será entregado na Secretaría do Centro.

Art. 21. O titor/a, no prazo establecido, emitirá informe favorable ou desfavorable, a través da secretaria virtual. De emitir informe desfavorable, o alumnado non poderá continuar o proceso de solicitude de defensa.



Art. 22. A adxudicación da titorización e da temática para o Traballo Fin de Máster terá unha validez máxima de dous cursos académicos. Unha vez transcorridos haberá que realizar de novo o proceso de elección de titor e temática.

Art. 23. O/a estudante poderá solicitar un cambio na titorización ou no tema do seu Traballo Fin de Máster mediante escrito dirixido á Comisión Académica. Polo mesmo procedemento o profesorado poderá solicitar o cambio de estudante asignado/a ou de temas ofertados

5. Presentación e defensa do TFM

Art. 24. O Traballo Fin de Máster só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Máster, excepto os correspondentes ao propio TFM. O Centro deberá verificar que se cumpran estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data límite de entrega de actas das materias aínda non se recibiran todas as actas, a Secretaría do Centro solicitará do profesorado encargado desas materias que informe das cualificacións do alumnado que solicitase defensa para esa convocatoria.

Art. 25. Requisitos formais:

- a) O TFM terá unha extensión non superior a 40 páxinas, sen incluír portada, resumo/*abstract*, índices, bibliografía e anexos.
- b) O tipo de letra será Times New Roman (12 ptos.), entreliñado de 1,5 e marxes de 2,5 cm.
- c) Na portada deberá figurar: Máster en Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, ano académico, título completo do TFM, autor/a, titor/a e, de ser o caso, co-titor/a.
- d) Despois da portada incluírase un resumo en calquera das linguas oficiais do Estado español e nunha lingua da Unión Europea distinta daquelas, xunto cunha listaxe de palabras-crave nos mesmos idiomas.
- e) O TFM deberá cumprir as normas formais habituais (MLA, APA, Harvard, etc.) no relativo a citación, bibliografía, numeración e ordenación de capítulos, etc.
- f) A utilización de medios fraudulentos ou a atribución indebida de autoría (plaxio) na redacción do TFM poderá determinar o suspenso na avaliación do Traballo e, no seu caso, poderá ser obxecto de sanción.

Art. 26. O TFM será avaliado por un Tribunal establecido ao efecto, o máis adaptado posible á temática dos traballos a vulgar, formado por profesores/as que imparten



docencia no programa. De maneira excepcional, a Comisión Académica do Máster poderá autorizar que forme parte do tribunal de avaliación outro persoal docente, persoas colaboradoras ou membros de institucións externas á Universidade de Vigo que posúan unha titulación de nivel igual ou superior ao Máster e que poderán actuar en calidade de vocais, con voz e voto, ou como persoas asesoras con voz e sen voto.

Art. 27. A Comisión Académica decidirá tanto o número de Tribunais necesarios en cada edición do Máster así como a súa composición interna (polo menos 3 membros, que exercerán as tarefas de presidente, secretario e vocal, podendo haber máis dunha persoa vocal). A este respecto, a Comisión desenvolverá criterios para a designación de compoñentes (titulares e suplentes) de cada tribunal, elaborará o seu calendario e establecerá protocolos detallados de actuación dos mesmos. En calquera caso, sempre actuará como presidente o/o profesor/a de maior antigüidade e rango académico e como secretario/ao/a de menor antigüidade e rango académico. De maneira excepcional, a Comisión Académica do Máster poderá autorizar que forme parte do tribunal de avaliación outro persoal docente, persoas colaboradoras ou membros de institucións externas á Universidade de Vigo que posúan unha titulación de nivel igual ou superior ao Máster e que poderán actuar en calidade de vogais, con voz e voto, ou como persoas asesoras con voz e sen voto.

Art. 28. A Comisión Académica do Máster fará público o calendario de probas de avaliación, no cal virán indicadas as datas de presentación e defensa do TFM, xa de maneira presencial, xa de maneira virtual.

6. Avaliación e cualificación do TFM

Art. 25. A avaliación do TFM consistirá na súa defensa pública, segundo especifícase no punto 3 do artigo 15 do REAL DECRETO 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais. Este acto de defensa será a distancia de modo virtual a través das condicións técnicas ofertadas no Máster. Excepcionalmente, a Comisión Académica do Máster poderá autorizar a defensa presencial neste último caso, na Facultade de Historia do Campus de Ourense da Universidade de Vigo, previa petición expresa xustificada formulada no momento da presentación da solicitude de defensa.

Art. 26. Previamente ao acto de defensa, os tribunais comunicarán a orde de intervención dos alumnos e os tempos dispoñibles para a súa exposición.

Art. 27. Os titores/as poderán estar presentes, con dereito a voz, no acto de defensa.



Art. 28. A defensa será pública, e consistirá nunha exposición oral por parte do alumno/a de 20 minutos de duración máxima.

Art. 29. Tras a exposición, o Tribunal poderá formular as preguntas que estime oportunas co fin de avaliar os distintos aspectos reflectidos no TFM.

Art. 30. O tribunal deliberará sobre a cualificación dos traballos tendo en conta a documentación presentada por cada estudante, o informe da persoa titora e a exposición pública dos traballos.

Art. 31. A cualificación deste tribunal será única. A cualificación do TFM realizarase polo Tribunal a porta pechada. Ao finalizar a sesión de presentación de TFM, farase público o resultado das avaliacións que figurarán na Acta que se levantará ao efecto e na que asinarán todos os membros do tribunal.

Art. 32. Cada membro do Tribunal documentará a cualificación do TFM seguindo os criterios publicados na guía oficial da materia, obténdose a cualificación final do traballo por media aritmética das cualificacións.

Art. 33. Os tribunais avaliarán cada un dos traballos presentados de acordo coas Normas de Permanencia e o sistema de cualificación numérica actualmente vixente na Universidade de Vigo, o cal se recolle na seguinte escala de valoración:

- Non presentado
- Suspenso (0-4,9)
- Aprobado (5-6,9)
- Notable (7-8,9)
- Sobresaliente (9-10)

O tribunal de avaliación de TFM se reserva a proposta de concesión da cualificación de Matrícula de Honra, en función da excelencia observada no TFM que se fagan acredores da mesma.

Art. 34. O Acta final na Secretaría Virtual será asinada por un só dos membros do tribunal. A acta conxunta do alumnado que non solicitou a defensa, será cuberta polo coordinador do Máster con Non Presentado. Cada acta individualizada do alumnado que solicitou a defensa, pero non se presentou, serán cubertas polo coordinador do Máster como Non Presentado.

Art. 35. Calquera TFM que obtivese a máxima cualificación poderá optar aos diferentes accésits a premios extraordinarios establecidos ou que se poidan establecer nun futuro para TFM por parte do Máster.



Art. 36. As impugnacións á cualificación outorgada polo Tribunal serán dirixidas á Comisión Académica do Máster.

Art. 37. Os traballos que, por non reunir os requisitos mínimos, reciban a cualificación de “suspense”, poderán ser defendidos novamente en posteriores convocatorias. O tribunal de avaliación fará chegar ao/a estudante e á persoa titora, un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo e a súa posterior avaliación.

Art. 38. O TFM que obtivesen a cualificación mínima de aprobado (5) integrarán un arquivo de TFM en formato dixital, baixo a custodia da Secretaría do Máster. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do TFM e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos pode compartirse coas persoas que exerceron a función titorial e coas entidades públicas ou privadas ás que se vincule, nos termos e condicións previstas na lexislación. A non ser que o estudante manfeste a súa oposición en escrito elevado á Comisión do Máster, o exemplar do TFM depositado en formato dixital poderá ser consultado de acordo coa normativa vixente.

7. Disposicións finais

Art. 39. A Comisión Académica resolverá calquera situación que non estea contemplada explicitamente neste Regulamento.

Art. 40. As normas relativas á edición do TFM poderán ser modificadas por acordo da Comisión Académica.



8. Anexos

ANEXO I: SOLICITUDE DE TITORIZACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

O/a alumno/a

solicita a adscrición do seu TFM á liña de investigación

a titorización de dito TFM polo/a profesor/a

e a co-titorización de dito TFM polo/a profesor/a

Título orientativo e breve resumo do TFM

En Ourense, a de de 201_

Visto e Prace

Asdo. Titor/a del TFM

Asdo. Cotitor/a

COMISIÓN ACADÉMICA DEL MÁSTER